

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 16 de novembro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Angel Rivas González.

**Invitados**

D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e cincuenta minutos do día dezaseis de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1194).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 2 de novembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1195).- SUBVENCIÓN DIRECTA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A CELEBRACIÓN DA “SEGUNDA FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO”. EXPTE. 15496/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2/11/17 e o informe de fiscalización do 3/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico (encomenda provisional de fun-

cións do posto de Xefe Dpto. Admvo. Alcaldía- Acordo XGL 02.03.2017), a xefa de xestión Patrimonial e territorial (en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía, Decreto 14.04.2016) e o concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Recursos Humanos, Administración Electrónica e Patrimonio, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

### **Primeiro.-**

I.- A Fundación Universidade de Vigo presenta solicitude de axuda do Concello de Vigo para a celebración da Feira Internacional do Emprego Universitario (FINDE.U), acompañando a documentación preceptiva para acreditar a condición de beneficiaria dunha subvención directa pola citada Fundación, segundo artigo 13 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- Memoria da actividade a desenvolver.
- Orzamento de gasto e de ingresos.
- Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.
- Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.
- Copia dos estatutos da Asociación e inscricións administrativas.
- Copia do DNI do presidente e representante legal da Asociación.
- CIF sociedade.
- Certificación bancaria.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.

II.- En data 13/10/2017, o xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emite informe no que indica que “resulta de especial interese o patrocinio e a colaboración do Concello de Vigo, na celebración da FINDE.U “Segunda Feira Internacional do Emprego Universitario”.

III.- En data 18/10/2017, o Concelleiro delegado de Xestión municipal ordena iniciar expediente para a tramitación dun expediente para a concesión dunha subvención á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO para a celebración da FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO.

IV.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, na aplicación orzamentaria 9120.4890004, crédito para conceder directamente, segundo procedemento establecido nos artigos 26 LSG e 67 Regulamento da lei xeral de subvencións, unha subvención por razón sociais e de interese público, tal é en concreto a celebración da FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO, organizada pola Universidade do Vigo, conxuntamente coa Universidade de Trás os Montes e Alto Douro e a Universidade de Porto, destinada aos estudantes e diplomados de todas as áreas de formación destas institucións e ás empresas que buscan oportunidades para recrutar profesionais de alta cualificación, polo que se considera unha boa ferramenta para traballar na redución da elevada taxa de emprego xuvenil da cidade

(segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), a taxa de paro da poboación viguesa de 16 a 29 anos se eleva ao 27,9%), ademáis de ser un exemplo de colaboración transfronteriza.

## **Segundo.-**

I.- A Fundación Universidade de Vigo ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar creada en data 23/07/1997, que se rixe pola Lei 50/2002, de 26 de decembro, e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

Xunto coa solicitude da Fundación e o informe do xefe de servizo municipal de Desenvolvemento Local e Emprego, a Xefa de Patrimonio Histórico, con encomenda provisional de funcións do posto de Xefe Dpto. Admvo. Alcaldía, Acordo Xunta de Goberno Local 02.03.2017, co conforme do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Recursos Humanos Administración electrónica e Patrimonio, redacta **“MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO (FINDE.U) ”**, xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Fundación Universidade de Vigo, para a financiación da FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO, a través dunha subvención directa. Na citada Memoria descríbese o proxecto a desenvolver pola Fundación para o que se solicita unha subvención de 12.000 euros.

Con estes antecedentes, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **1.- Lexislación aplicable**

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións
  
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2017
- Estatutos da Fundación Universidade de Vigo

## **2.- A actividade de fomento**

A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola Fundación Universidade de Vigo para o desenvolvemento da súa actividade de interese público e social, enmárcase dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: “1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; “2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local. 3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á la finalidade prevista”.

## **3.- Natureza da subvención**

Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de interese social.

Este carácter está xustificado na Memoria elaborada por esta Xefatura, en base ás conclusións reflectidas no informe da Xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no que indica que “resulta de especial interese o patrocinio e a colaboración do Concello de Vigo, na celebración da FINDE.U “Segunda Feira Internacional do Emprego Universitario”.

## **4.- Competencia municipal**

A competencia municipal xustifícase en que a Lei 5/1997, reguladora da Administración Local de Galicia, regula as competencias locais no seu artigo 80.2. e, entre outras, sinala:

“o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.

p) A participación na formación de activos e desempregados. ”

## 5.- Procedemento de concesión directa

A posibilidade da concesión directa a subvención da “Segunda Feira Internacional do Emprego Universitario” está prevista expresamente nos artigos 22.2. letra “c” da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 letra “c” da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 40 do Regulamento da Lei galega de subvencións, con carácter excepcional, dado o interese público municipal, social, cultural e histórico da actividade que dificulta a súa convocatoria pública.

A tramitación da subvención polo procedemento excepcional de concesión directa fundaméntase, ademais da súa singularidade: “*subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social...que dificulten a súa convocatoria pública*”.

Xustificado queda no informe do o xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o interese público municipal do proxecto. O interese social radica que a elevada taxa de emprego xuvenil da cidade (segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), a taxa de paro da poboación viguesa de 16 a 29 anos se eleva ao 27,9%), e esta Feira considérase unha boa ferramenta para traballar na súa redución.

A dificultade da súa convocatoria pública radica no feito de especificidade do produto e as súas connotacións sociais. Ademais a participación das tres Universidades (Porto, Trás os Montes e Alto Douro, e Vigo), unidas ao tecido empresarial da eurrerrexión dotan ó proxecto dunha singularidade que dificulta a súa convocatoria pública.

## 6.- Convenio regulador

De acordo co disposto nos artigo 40.1 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia , o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas por razóns de interese público, social.

En canto ó seu *contido*, axústase á lexislación de subvencións, artigos 65.3 LXS, 26.2 LSG e 40 RLSG, e Base 38.4 das de execución dos vixentes Orzamentos do Concello. As súas determinacións estímense conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamiento Xurídico e suficientes ao fin pretendido:

- Definición do obxecto da subvención, execución da “Segunda Feira Internacional do Emprego Universitario”, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico o humanitario ou aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, segundo informe da Xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Beneficiario e modalidade de axuda, Fundación Universidade de Vigo, a través dunha achega económica
- Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade
- Prazos e modos de pago da subvención
- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos

- Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión
- Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención, polo Tribunal de Contas e polo el Consello de Contas no exercizo de súa funcións de fiscalización e control do destino das subvenciones

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 40.2 RLSG. Trataríase de tentar reducir a elevada taxa de desemprego xuvenil da cidade.

## **7.- Publicidade**

Darase ao presente acordo a publicidade exixida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas).

## **8.- Competencia**

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: **orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.**

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá formularse proposta de aprobación e emitir informe a Asesoría xurídica e Intervención Xeral do Concello sobre as operacións orzamentarias ou contables que proceda executar .

De conformidade cos artigos 10.4 LXS, e 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da subvención e do convenio, con carácter previo, á aprobación do gasto (artigo 31 LSG)

Por todo o exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

## **PROPOSTA**

1. Autorizar o gasto por importe de 12.000 euros, a favor da Fundación Universidade de Vigo, con cargo á aplicación orzamentaria 9120.489.00.04, "outras subvencións", en concepto de subvención para desenvolver no ano 2017. A entrega da subvención á Fundación Universidade de Vigo realizarase segundo procedemento e prazos previstos no convenio regulador, debendo no seu tempo presentar as memorias xustificativas e de avaliación das accións correspondentes á actividade realizada no ano 2017, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar antes do día 10 de decembro de 2017.
2. Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e Fundación Universidade de Vigo, que rexerá a subvención directa segundo vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadjuvar á execución da "Segunda Feira Internacional do Emprego Universitario" no ano 2017; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### ANEXO

#### CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO (FINDE.U)

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete.

#### REUNIDOS

Dunha parte, o **Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez**, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA).

Doutra parte **D. Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo**, en representación da Fundación Universidade de Vigo, segundo acordo do Padroado da Fundación, en sesión do 24 de maio de 2012.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento do presente convenio e

#### EXPOÑEN

**I.-** Que a **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO** ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar creada en data 23/07/1997, que se rixe pola Lei 50/2002, de 26 de decembro, e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

A Asociación está inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, co núm. 355, co CIF G-36826030.

A Fundación ten carácter docente con fins de interese xeral: “fomentar, apoiar e facilitar a actividade empleadora da Universidade de Vigo, a través dos servizos que considere oportuno crear, así como actuacións de fomento do emprego do estudiantado universitario” e “fomentar e promover a cooperación entre a Universidade de Vigo e o sector empresarial, entidades e institucións da máis variada natureza”.

**II.-** Que a **Alcaldía de Vigo**, coñecedora desas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia que a Lei 5/1997, reguladora da Administración Local de Galicia, atribúe aos concellos, en materia de programas destinados á xuventude, así como a participación na formación de activos e desempregados (artigo 80.2., letras “o” e “p”).

**III.-** O vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 9120.4890004, Outras subvencións”, crédito para conceder directamente, segundo procedemento establecido no artigo 67 Regulamento da Lei xeral de subvencións, unha subvención por razón sociais e de interese público, como é en concreto a celebración da FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO.

O Concello de Vigo considera que a FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO ten un interese público e social, en tanto que a alta taxa de desemprego xuvenil na ci-

dade afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación transfronteiriza como unha das vías para o seu desenvolvemento económico e social.

**IV.-** Que a **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei xeral de subvencións e específica de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

#### **PACTOS**

Primeiro.- A **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO** comprométese a

1º.- Realizar e xustificar a realización da FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO para o ano 2017, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 15496/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades ou accións previstas pola Fundación no citado proxecto, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros válidos para desenvolver o citado proxecto.

2º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

3º.- Adoptar as medidas de difusión previstas no sexto pacto.

Segundo.- O **CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar con **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO** na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización da FEIRA INTERNACIONAL EMPREGO UNIVERSITARIO na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe institucional nos ámbitos de promoción FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO.

3º.- Conceder á **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO** unha subvención por importe de 12.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9120.489.00.04, "Outras subvencións " mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da FEIRA INTERNACIONAL DO EMPREGO UNIVERSITARIO.

O aboamento da subvención á **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO** realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación do programa realizado no ano 2017, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, antes do día 10 de decembro de 2017, con desglose de cada un dos gastos incorridos.



4º.- Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas), sistema nacional de publicidade das subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sen prexuízo da súa publicación segundo disposto no artigo 8 da citada Lei.

Terceiro.- Esta subvención non será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta Asociación no ano 2017.

A **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO** achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 10 de decembro de 2017, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 12.000 euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se

regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2017.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do

obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

**3(1196).- PROPOSTA DE ANULACIÓN PARCIAL DE CRÉDITO CONTABILIZADO PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 121736/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 9/11/17, asinado pola técnica de Servizos Económicos, o xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a concelleira-delegada da Área de Política Social e conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 29 de setembro de 2016 aprobouse a adxudicación da contratación do servizo de Axuda no Fogar (Expte. 121736/301) por un prezo total de 18.079.556,53 euros.

Segundo a cláusula 4. do contrato, o prazo do mesmo será de catro anos, con dúas posibles prórrogas de un ano cada unha.

O prezo anual do contrato calculouse, segundo se indica na Memoria xustificativa, sobre o número de horas anuais do servizo previstas que se estimaron en 321.216 horas.

Con data 31 de outubro de 2016 comunicouse á Intervención Xeral a imputación de gasto aos orzamentos de 2016,2017,2018 e 2020.

Para o exercicio 2017 contabilizouse documento AD 6619 por importe de 4.519.889,13 euros suficiente para prestar o máximo de horas anuais estimadas, e dicir, 321.216.

Ata día da data constan tramitadas todas as facturas do período xaneiro-setembro 2017 cun gasto total de 3.117.903, 54 euros e un total, así mesmo de 221.580,50 horas consumidas. A previsión de horas para os meses de outubro-novembro e decembro é de 82.600 cuio gasto sería de 1.162,281,12 euros polo que quedaría un sobranche de aproximadamente 239.704,47 euros.

Co importe sobranche reaxustaríanse a fin de exercicio as anualidades 2018,2019 e 2020 pero é evidente que por moito que se incrementasen as altas no servizo en anos sucesivos, nunca poderían absorber a totalidade do número máximo de horas previstas para 2017. Sendo isto así é posible anular, sin detrimento do contrato adxudicado, parte do saldo existente no documento contable D 6619, por un importe de 50.000 euros, repoñelo no saldo da partida e acometer gastos imprescindibles para o normal funcionamento do departamento como son o servizo de teleasistencia municipal e o xantar na casa, entre outros, e para os non existe saldo por estar agotada por bolsa de vinculación a dotación da partida correspondente.

Polo anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Anular a cantidade de 50.000 euros do saldo existente no documento contable AD 6619 por un importe inicial de 4.519.889,13 euros, contabilizado para facer fronte aos pagos do servizo municipal de Axuda no Fogar no exercicio 2017 e que non vai a ser utilizado na súa totalidade tendo en conta o número de horas facturadas e as previsións das que se facturarán nos meses de outubro, novembro e decembro 2017”

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1197).- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE CONCESIÓN E DENEGACIÓN DAS AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2017. EXPTE. 132218/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, v isto o informe de fiscalización do 10/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 16/10/17, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xeratura de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social e a concelleira delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

#### I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 29.12.2016, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 132218/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2017 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: *“Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”*).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=1776&lang=ga> e no BOP de Pontevedra nº 6 do 10 de xaneiro de 2017. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 24, do 03.02.2017, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.751 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocato-

ria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación.

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 29.06.2017 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

*«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.947 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 170.015.178 e remata co nº 170.033.926), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017». O gasto total (1.599.957,48 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.*

*SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 804 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 170.015.193 e remata co nº 170.072.540) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.*

*TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*

*CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».*

I.8. Contra este Acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición. De todos eles, propónse á XGL estimar un total de 12, por cumprir os requisitos das bases da convocatoria. A estimación destes recursos representaría un gasto de 5.510,01€ que podería financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.02.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2017 (Concello de Vigo; XGL 29.12.2016; BOP nº 6, do 10.01.2017 e BOP nº 24, do 03.02.2017).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 29.06.2017, desestimatorio das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccetes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinados os respectivos recursos e revisadas e valoradas de novo as súas solicitudes de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecérselle ós solicitantes que a seguir se relacionan o dereito a percibir con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» unha axuda polo importe indicado para cada un de eles. Achégase en cada un dos expedientes, a modo de ficha, unha explicación pormiudada dos feitos e motivos que xustifican a estimación do recurso en cuestión.

AEFAS 2017  
RECURSOS ESTIMADOS

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
1	39.460.666-A	134497/301 170101498	Erro no cálculo dos ingresos da unidade familiar. A pensión de alimentos de 100€/mes que aboa J.A.S.F. debe computarse como gasto (= 1 membro máis: 5) e non como ingreso.	4	373,56 €
2	53.170.366-R	134062/301 170101791	Acredita que non está a percibir a pensión de alimentos fixada (achegou reclamación xudicial).	5	466,95 €
3	77.004.991-W	134524/301 170106245	Achegou toda a documentación necesaria para resolver a solicitude de axuda (DNI de C.M.R.).	2	186,78 €
4	36.045.434-H	136691/301 170103564	Achegou toda a documentación necesaria para resolver a solicitude de axuda (recibos aluguer + IBAN).	3	280,17 €
5	39.487.822-L	134891/301 170105658	Non aplica ingresos RISGA, que sí foi solicitada en decembro/2016 (e denegada).	13	1.214,07 €
6	36.123.623-F	134205/301 170099378	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando a deducción procedente por gastos de aluguer.	1	93,39 €



Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUN- TOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
7	35.472.456-Q	135540/301 170117883	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar de acordo coa documentación achegada e incluíndo a deducción procedente por gastos de aluguer. Non aplica RISGA diferencial.	8	747,12 €
8	36.069.460-D	133958/301 170107448	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando a deducción procedente por gastos de aluguer.	3	280,17 €
9	X9207412-Y	134655/301 170105210	Acredita que non está a percibir a pensión de alimentos fixada (achegou reclamación xudicial).	4	373,56 €
10	76.994.400-Z	134866/301 170102933	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando a deducción procedente por gastos de aluguer. Aplica 1 membro máis (Base 14.5: pensión de alimentos).	7	653,73 €
11	36.172.522-P	134380/301 170111223	Tívose en conta a composición real da unidade familiar (pai+2 fillos: 3 membros computables).	2	186,78 €
12	39.515.735-X	136572/301 170108162	Tívose en conta a composición real da unidade familiar (nai+2 fillos: 3 membros computables).	+7 (total =10 ptos)	653,73 € (diferencia entre o importe xa concedido por 3 ptos: 280,17 € e o que realmente lle corresponde por 10 ptos.)
					TOTAL: 5.510,01€

#### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Estimar os recursos potestativos de reposición presentados polos solicitantes que a continuación se relacionan contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.06.2017 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto polo importe indicado, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02.

Nº	RECO- RRENTE DNI/NIE/PA S.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUN- TOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
1	39.460.666-A	134497/301 170101498	Erro no cálculo dos ingresos da unidade familiar. A pensión de alimentos de 100€/mes que aboa J.A.S.F. debe computarse como gasto (= 1 membro máis: 5) e non como ingreso.	4	373,56 €
2	53.170.366-R	134062/301 170101791	Acredita que non está a percibir a pensión de alimentos fixada (achegou reclamación xudicial).	5	466,95 €
3	77.004.991- W	134524/301 170106245	Achegou toda a documentación necesaria para resolver a solicitude de axuda (DNI de C.M.R.).	2	186,78 €
4	36.045.434-H	136691/301 170103564	Achegou toda a documentación necesaria para resolver a solicitude de axuda (recibos aluguer + IBAN).	3	280,17 €
5	39.487.822-L	134891/301 170105658	Non aplica ingresos RISGA, que sí foi solicitada en decembro/2016 (e denegada).	13	1.214,07 €
6	36.123.623-F	134205/301 170099378	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando a deducción procedente por gastos de aluguer.	1	93,39 €
7	35.472.456-Q	135540/301 170117883	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar de acordo coa documentación achegada e incluíndo a deducción procedente por gastos de aluguer. Non aplica RISGA diferencial.	8	747,12 €
8	36.069.460-D	133958/301 170107448	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando a deducción procedente por gastos de aluguer.	3	280,17 €
9	X9207412-Y	134655/301 170105210	Acredita que non está a percibir a pensión de alimentos fixada (achegou reclamación xudicial).	4	373,56 €
10	76.994.400-Z	134866/301 170102933	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando a deducción procedente por gastos de aluguer. Aplica 1 membro máis (Base 14.5: pensión de alimentos).	7	653,73 €
11	36.172.522-P	134380/301 170111223	Tívose en conta a composición real da unidade familiar (pai+2 fillos: 3 membros computables).	2	186,78 €

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA
12	39.515.735-X	136572/301 170108162	Tívoise en conta a composición real da unidade familiar (nai+2 fillos: 3 membros computables).	+7 (total =10 ptos)	653,73 € (diferencia entre o importe xa concedido por 3 ptos: 280,17 € e o que realmente lle corresponde por 10 ptos.)
					TOTAL: 5.510,01€

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación do Acordo.

TERCEIRO: Publicar este acordo no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1198).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE AGOSTO, SETEMBRO E OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 147913/301.**

Dáse conta do informe-proposta de data 13/11/17, asinado pola técnica de Servizos Económicos, con conforme da concelleira delegada de Política Social, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: **agosto-setembro-outubro de 2017**

DEPARTAMENTO: **BENESTAR SOCIAL** FUNCIONAL: **2310 / 2017**

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
19/09/2017	SERVIZOS POSTAIS E MENSAXERIA	2230000	201700086943	10.000,00	VARIOS
22/08/2017	INTERVENCIÓN SOCIO EDUCATIVA XIN-XIN	2260907	201700077095	60.000,00	ASOC. XUVENIL ABERTAL
22/08/2017	INTERVENCIÓN LUDICO SOCIAL BARRIO TEIS	2260907	201700077096	8.629,50	PLA COMUNITARIO DE TEIS
03/10/2017	12 OBRADOIROS INFORMACION-SENSIBILIZACIÓN	2279908	201700092345	36.000,00	ERGUETE-ASOC. AXUDA AO TOXICOMANO
03/10/2017	8 OBRADOIROS NON PASA NADA PASA ALGO	2279908	201700092346	2.400,00	ERGUETE-ASOC. AXUDA AO TOXICOMANO
03/10/2017	12 OBRADOIROS NON PASA NADA PASA ALGO	2279908	201700095271	3.600,00	AMAIA-ASOC. PARA LA PROMOCION DE LA SALUD
03/10/2017	10 OBRADOIROS NON PASA NADA PASA ALGO 3º ESO	2279908	201700095459	3.000,00	ASOC. ALBORADA
03/10/2017	12 OBRADOIROS NON PASA NADA PASA ALGO 4º ESO	2279908	201700095460	3.600,00	ASOC. ALBORADA
18/09/2017	RESERVA 4 PRAZAS CENTRO DOA	2279909	201700084198	7.000,00	ASOC. DE AXUDA AO ENFERMO MENTL DOA
03/10/2017	ACTIVIDADES FORMACIÓN EXTERNA PROXECTO SENSIBILIZACIÓN IMPORTANOS	2279909	201700089113	11.000,00	VARIOS

*Expte:* 7162/335. CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS

*Decreto concelleira data:* 31/10/2017

*Informe Intervención:* RCM 102570

*Adxudicatario:* AEGA AUTOMÁTICA Y ELECTRICIDAD SL

*Importe total:* 2.080,62 EUROS

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **6(1199).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COBERTURA DAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS POR AT E EP DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO E A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 29766/220.**

Dáse conta da proposta asinada en data 10/11/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2017 polo que non se admitiu a MUTUA UNIVERSAL neste procedemento por ter incorporado a documentación correspondente á proposición avaliable mediante fórmula no sobre A “*documentación persoal*” incumprindo así os requisitos de presentación da documentación e, en consecuencia, vulnerando a garantía do segredo das proposicións ata o momento no que deba procederse á súa apertura pública.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FREMAP MUTUA	93 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FREMAP MUTUA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (30.000 euros).

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(1200).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN EQUIPO DE TOPOGRAFÍA PARA DESENVOLVER OS TRABALLOS TOPOGRÁFICOS NECESARIOS NA ÁREA DE FOMENTO. EXPTE. 4706/440.**

Visto o informe de fiscalización de data 8/11/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 19 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2017, dos licitadores que deseguido se relacionan polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC”):

1. GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L.
2. LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440) na seguinte orde descendente:

	<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1	LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.	70 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LEYCA GEOSYSTEMS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.071,33 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, LEICA GEOSYSTEMS, S.L., o día 20 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 2 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 6 de novembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LEICA GEOSYSTEMS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LEICA GEOSYSTEMS, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 3 de outubro de 2017 e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de outubro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a LEICA GEOSYSTEMS, S.L., o procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 39.930,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.930,00 euros.
- b) Propón un incremento do número mínimo de horas de formación de 10 horas.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1201).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES SOBRE O RECURSO INTERPOSTO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE “VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO E ASISTENCIA SANITARIA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 11483/306.**

Dáse conta da proposta de data 13/11/17, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 1028/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 1019/2017, interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, en nome e representación de 14 traballadores da empresa EMSEBUR,S.L., contra a adxudicación do contrato dos servizos de “vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria nas praias do concello de Vigo”. Na mesma o TACRC inadmite o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

*“Primeiro.- Inadmitir por extemporaneo o recurso interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, contra a adxudicación do contrato dos servizos de “vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria nas praias do concello de Vigo”*

*Segundo.- Levantar a suspensión do procedemento producida de conformidade co previsto no artigo 47.4 do TRLCSP.*

*Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.*

*2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.



**9(1202).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “III EDICIÓN CROSS FRIAN”, O DOMINGO 19 DE NOVIEMBRE DE 2017. EXPTE. 16395/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 9/11/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica Deportiva, o secretario de Admón. Municipal, e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade ANPA GONDAREN, con CIF (G-36718674), solicitou o día 27-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170060547), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: III CROSS FRIAN
- Data: 19 de novembro de 2017
- Horario: 10.00H A 14.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **domingo 19 de novembro de 2017**, a proba terá a súa saída dende o colexio de Frián ás 10.00h e percorrerá pola rúa Gondarén ata Cantabria e de volta ao Colexio

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á ANPA GONDAREN, con CIF (G-36718674) a organizar o vindeiro **domingo 19 de novembro de 2017**, o evento deportivo denominado III EDICION CROSS FRIAN, a proba terá a súa saída ás 10.00h dende o Colexio Frián, seguindo pola rúa Gondarén, Cantabria, e volta ata o colexio onde rematará a carreira.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(1203).- SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DO CLUB HÍPICO VIGO 2016 EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “FINAL DA COPA GALEGA DE ENGANCHES CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 16570/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8/11/17, e o informe de fiscalización do 13/11/17, dáse conta do informe-proposta do 2/11/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor do Club Hípico Vigo 2016 ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do evento deportivo “Final da Copa Galicia de enganches” que se vai celebrar na cidade de Vigo o 11 de novembro de 2017.

O Club Hípico Vigo 2016, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, que ten por obxecto o fomento e o impulso da hípica e o horseball, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel oficiais, en modalidades como a equitación, saltos ou doma clásica.

Esta entidade desenvolve un importante proxecto deportivo e está considerada como unha das entidades de maior arraigo na cidade na modalidade, participando en diferentes competicións de categorías base a nivel provincial e autonómico, o que a converte nun referente deportivo e social na cidade de Vigo.

O Club Hípico Vigo 2016 ten previsto a organización da Final da Copa Galicia de enganches 2017, referente no calendario da modalidade, atraendo a participación dos e das mellores deportistas da comunidade, e convertendo o proxecto nunha das citas anuais de maior importancia na comunidade galega.

Este proxecto, ten entre os seus obxectivos impulsar a modalidade deportiva, potenciando un calendario na cidade que impulse e colabore co desenvolvemento desta modalidade.

Este evento, é unha das competicións máis arraigadas a nivel galego, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito da hípica na cidade de Vigo, tendo ademáis unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O programa da competición inclúe as competicións nas categorías de Limoneras, enganche tirado por un cabalo, trancos, enganche tirado por dous cabalos, e Proba libre. Estas probas, xunto co aliciente de que os tres primeiros clasificados terán acceso a participar no vindeiro campionato de España, motivarán a participación de deportistas de toda a xeografía autonómica. Esta circunstancia provoca que o evento se converta, durante a súa celebración, no foco de

atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Na competición participarán os 15 mellores competidores da Liga Galega nas diferentes probas, e se estima que un importante volume de afeccionados acudirán ó que será un espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade.

A importancia deste evento radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afición a este deporte.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 1.500,00 euros ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do evento "Final da Copa Galega de enganches 2017" o vindeiro 11 de novembro de 2017.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interés xeral para a cidade de Vigo, como a Final da Copa Galega de enganches obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida polo Club Hípico Vigo 2016, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 1.500,00€ ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da dito evento que se celebrará na cidade de Vigo o 11 de novembro de 2017.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade o Club Hípico Vigo 2016 é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares e a que ten a autorización federativa correspondente, tal como acredita a documentación presentada pola entidade e que se axunta no expediente administrativo. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención ó Club Hípico Vigo 2016, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de

Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto de promoción da hípica “Final da Copa Galicia de enganches 2017” que se ten previsto celebrar o vindeiro 11 de novembro de 2017.

O Club Hípico Vigo 2016 non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 16570/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto do Club Hípico Vigo 2016, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na

Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club Hípico Vigo 2016 é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade e a única coa autorización federativa correspondente, tal como se acredita na documentación presentada pola entidade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo “Final da Copa Galega de Enganches 2017” que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo o 11 de novembro de 2017, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

O Club Hípico Vigo 2016 presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo “Final da Copa Galega de enganches 2017” e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Club Hípico Vigo 2016 das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
  1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
  2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
  3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar o texto da resolución proposta a favor do Club Hípico Vigo 2016, co CIF: G27833243, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo "Final da Copa Galega de enganches 2017" que se vai celebrar na cidade de Vigo o 11 de novembro 2017, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo “Final da Copa Galega de enganches 2017” que se vai celebrar na cidade de Vigo o 11 de novembro de 2017.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club Hípico Vigo 2016 é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo ademais de ser a única entidade que ten os dereitos organizativos do evento cedidos pola Federación Galega de Hípica, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade coa capacidade de dinamizar a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que o Club Hípico Vigo 2016 non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este

Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 16570/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 1 de decembro de 2017.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
  - Que no caso de que os gastos presentados constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
  - Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
  - Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
  - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.
  - Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.



2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto á subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

**SEGUNDA:** Autorizar o gasto polo importe de 1.500,00 € a favor do Club Hípico Vigo 2016, co CIF: G27833243, con enderezo social na Rúa Aragón, 5, 5º, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Proxecto deportivo Final da Copa Galega de enganches 2017 que se vai celebrar na cidade de Vigo o 11 de novembro de 2017.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1204).- PAGAMENTO DOS DEREITOS DE AUTOR XERADOS POLOS ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2017”. EXPTE. 7153/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/11/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola xefa do

Servizo de Festas, o secretario de Admón. Municipal, a concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo aprobou o 30 de maio de 2017 o Programa de espectáculos e actividades “Vigo en Festas 2017”, que se desenvolveu en diferentes puntos da cidade entre os pasados meses de xullo e agosto.

Segundo a lexislación vixente, estas actividades e espectáculos están suxeitos a unha serie de taxas regulamentadas pola Lei de propiedade intelectual, en concepto de dereitos de autor que correspondan en cada caso. O control e fiscalización destas taxas correspóndelle á Sociedad General de Autores y Editores (SGAE), polo que se lle solicitou presuposto por este concepto.

No caso do Concello de Vigo, existe unha bonificación de 25% nos espectáculos musicais grazas á sinatura da Acta de adhesión ao Convenio subscrito no ano 1996 entre a SGAE e a Federación Española de Municipios y Provincias (FE;MP), aprobada por Decreto de Alcaldía de data 24 de xullo de 2001. Así mesmo, segundo as Tarifas aplicadas ás Corporacións locais desde o ano 2015, a tarifa que se aplica sobre os gastos da actuación foi rebaixada do 10 ao 8,5%.

O presuposto non foi presentado pola devandita entidade ata o día 5 de outubro, pola necesidade de solicitar as tarifas das distintas actividades musicais, mediante a comprobación cos diferentes autores. O importe presentado pola SGAE ascende a 19.627,15 euros máis 4.121,70 euros en concepto de IVE, que fan un total de 23.748,85 euros (vinte e tres mil setecentos corenta e oito euros con oitenta e cinco céntimos).

Este gasto podería imputarse á aplicación presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Á vista do exposto, e previa a fiscalización por parte de Intervención de Fondos, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### PROPOSTA

“Autorizar un gasto por un importe de 23.748,85 euros (19.627,15 € máis 4.121,70 € de IVE) en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa ‘Vigo en Festas 2017’, con cargo á aplicación presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio económico. Este pagamento realizarase á Sociedad General de Autores (SGAE), con CIF G-28.029.643, previa á presentación da correspondente factura.”

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(1205).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGO 2017-2018”. EXPTE. 7164/335.**

Visto o informe xurídico de data 9/11/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada de Festas e Turismo, que di o seguinte:

O Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2017, venres, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o Concello ofértalle aos nenas e nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: **“Vente cos Reis Magos”**.

O concurso ten por obxecto seleccionar a trinta e seis nenas e nenos da cidade para acompañar ás súas maxestades nas carrozas reais, dentro da comitiva real. Este concurso ten como única limitación a idade dos participantes por motivos de seguridade, nesta edición, tan só poden tomar parte os nados entre o 1 de xaneiro de 2005 e o 31 de decembro de 2009. A inscrición para o concurso realízase cumprimentando unha solicitude, previamente distribuída nos colexios e Centros Culturais e veciñais da cidade, que se pode depositar na caixa de correos existente na lonxa do Concello e nas caixas de correos depositadas nos Centros cívicos de Teis, Coruxo, Casco Vello e Saiáns . Os pais, nais ou titores dos nenas agraciados terán que asinar a pertinente autorización ou, se é o caso, renuncia.

Á vista do exposto, previo o informe do Secretario da administración municipal e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno a seguinte,

PROPOSTA:

“Que se aproben as Bases de participación que se achegan no expediente correspondentes ao concurso 'Vente cos Reis Magos' 2017-18 e que teñen por obxecto seleccionar a trinta e seis nenas/as para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2018.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2017-18”**

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a trinta e seis nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2018. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de nove nas tres carrozas reais e na do Carteiro Real.
2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2005 e o 31 de decembro de 2009, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.
3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da Lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena/o, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.
4. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 1 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 15 de decembro de 2017.

5. O sorteo realizarase o día 20 de decembro de 2016, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.
6. No sorteo, ademais dos nenos e nenas seleccionadas/os, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.
7. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Festas e Turismo, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.
8. O Concello de Vigo ofrecerá ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.
9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos poidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.
10. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

**13(1206).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 7165/335.**

Dáse conta da proposta de data 8/11/17, asinada pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada de Festas e Turismo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte

**PROPOSTA:**

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de outubro de 2017.

*Expte:* 7154/335. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O FESTIVAL DE ROCK CONCELLO DE VIGO

*Decreto concelleira data:* 17/10/2017

*Informe Intervención:* RCM 97520

*Adxudicatario:* ALFONSO REGUEIRO COSTAS

*Importe total:* 19.360,00 EUROS

*Expte:* 7159/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIROS E XOGOS INFANTÍS PARA O SAMAÍN 2017

*Decreto concelleira data:* 27/10/2017

*Informe Intervención:* RCM 101398

*Adxudicatario:* BARAFUNDA SL, KOREMI REHABILITACIÓN SL E TROULA ANIMACIÓN SL

*Importe total:* 7.917,60 EUROS

Expte: 7160/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN SUBUMBRA CON MOTIVO DO SAMAÍN 2017

Decreto concelleira data: 25/10/2017

Informe Intervención: RCM 100968

Adxudicatario: TROULA ANIMAICÓN SL

Importe total: 2.395,80 EUROS

Expte: 7161/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DUN SERÁN TRADICIONAL CON MOTIVO DO SAMAÍN 2017

Decreto concelleira data: 25/10/2017

Informe Intervención: RCM 100969

Adxudicatario: ASOCIACIÓN CULTURAL E FOLCLÓRICA O FIADEIRO

Importe total: 4.500,00 EUROS

Expte: 7162/335. CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS

Decreto concelleira data: 31/10/2017

Informe Intervención: RCM 102570

Adxudicatario: AEGA AUTOMÁTICA Y ELECTRICIDAD SL

Importe total: 2.080,62 EUROS

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

## **14(1207).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102640/140.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/11/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/a favor</i>
Barbará Rodríguez Beatriz	201700066660	9200.2260300	18.000,00	17.985,28	10/07/17	25/10/17	10/10/17	14,72	—
Espada Recarey Luis	201700066560	9250.2200100	500,00	458,60	10/07/17	06/10/17	10/10/17	41,40	—
Espada Recarey Luis	201700066561	9250.2200000	500,00	246,35	10/07/17	06/10/17	10/10/17	253,65	—
Espada Recarey Luis	201700066562	9250.2279900	17.999,00	12.159,90	10/07/17	06/10/17	10/10/17	5.839,10	—

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Espada Recarey Luis	201700066563	9250.2260100	500,00	343,05	10/07/17	06/10/17	10/10/17	156,95	—
García Álvarez Luis	201700016246	9310.1620000	300,00	300,00	21/02/17	25/05/17	21/05/17	0,00	—
García Álvarez Luis	201700061408	2311.4800000	3.500,00	850,00	27/06/17	28/09/17	27/09/17	2.650,00	—
García Álvarez Luis	201700067709	9201.1620001	750,00	750,00	17/07/17	27/10/17	17/10/17	0,00	—
Magdalena Vila M.ª Jesús	201700077502	9320.1620000	630,00	630,00	11/08/17	04/10/17	11/11/17	0,00	—
Magdalena Vila M.ª Jesús	201700077503	9320.2302000	376,08	376,08	11/08/17	04/10/17	11/11/17	0,00	---
Magdalena Vila M.ª Jesús	201700077504	9320.2312000	450,00	291,31	11/08/17	04/10/17	11/11/17	158,69	---
Quintela Rodríguez M.ª José	201700055587	2310.4800011	25.000,00	25.000,00	09/06/17	21/09/17	09/09/17	0,00	—
Quintela Rodríguez M.ª José	201700055598	2310.2279900	2.500,00	2.001,00	09/06/17	16/10/17	09/09/17	499,00	—
Quintela Rodríguez M.ª José	201700066689	2310.7800000	15.000,00	14.258,64	10/07/17	17/10/17	10/10/17	741,36	—
Quintela Rodríguez M.ª José	201700084275	2310.4800011	200,00	200,00	01/09/17	12/09/17	01/12/17	0,00	—
Vieites Alén José Manuel	201700058535	9200.2260300	12.000,00	11.994,09	21/06/17	25/10/17	21/09/17	5,91	—
Vieites Alén José Manuel	201700084274	9200.2260300	9.000,00	8.973,56	04/09/17	25/10/17	04/12/17	26,44	—
Vivero Mijares Antonio	201700049257	1350.2269901	10.000,00	9.999,70	26/05/17	05/09/17	26/08/17	0,30	—
<b>TOTAL</b>			<b>117.205,08</b>	<b>106.817,56</b>				<b>10.387,52</b>	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

<b>Alcance da fiscalización</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos n.º 201700066660 de Barbará Rodríguez Beatriz; 201700016246, 201700061408 e 201700067709 de García Álvarez Luis; 201700055587, 201700055598 e 201700066689 de Quintela Rodríguez M.ª José; 201700058535 de Vieites Alén José Manuel e 201700049257 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	

Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobran-te.	✓	

#### Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Os libramentos a xustificar n.º 201700066660 de Barba-rá Rodríguez Beatriz; 201700016246, 201700061408 e 201700067709 de García Álvarez Luis; 201700055587, 201700055598 e 201700066689 de Quintela Rodríguez M.ª José; 201700058535 de Vieites Alén José Manuel e 201700049257 de Vivero Mijares Antonio non se rendi-ron no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de paga-mento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### PROPOSTA

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Go-berno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a apro-bación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación or-zamentaria	Importe li-brado	Importe xustificado	Data de pagamen-to	Data Real xustica-ción	Data le-gal de xustifica-ción	Reintegro	S/a fa-vor
Barbará Rodrí-guez Beatriz	201700066660	9200.2260300	18.000,00	17.985,28	10/07/17	25/10/17	10/10/17	14,72	—
Espada Recarey Luis	201700066560	9250.2200100	500,00	458,60	10/07/17	06/10/17	10/10/17	41,40	—
Espada Recarey Luis	201700066561	9250.2200000	500,00	246,35	10/07/17	06/10/17	10/10/17	253,65	—
Espada Recarey Luis	201700066562	9250.2279900	17.999,00	12.159,90	10/07/17	06/10/17	10/10/17	5.839,10	—
Espada Recarey Luis	201700066563	9250.2260100	500,00	343,05	10/07/17	06/10/17	10/10/17	156,95	—
García Álvarez Luis	201700016246	9310.1620000	300,00	300,00	21/02/17	25/05/17	21/05/17	0,00	—
García Álvarez Luis	201700061408	2311.4800000	3.500,00	850,00	27/06/17	28/09/17	27/09/17	2.650,00	—
García Álvarez Luis	201700067709	9201.1620001	750,00	750,00	17/07/17	27/10/17	17/10/17	0,00	—

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación or- zamentaria</i>	<i>Importe li- brado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamen- to</i>	<i>Data Real xustica- ción</i>	<i>Data le- gal de xustifica- ción</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a fa- vor</i>
Magdalena Vila M.ª Jesús	201700077502	9320.1620000	630,00	630,00	11/08/17	04/10/17	11/11/17	0,00	—
Magdalena Vila M.ª Jesús	201700077503	9320.2302000	376,08	376,08	11/08/17	04/10/17	11/11/17	0,00	---
Magdalena Vila M.ª Jesús	201700077504	9320.2312000	450,00	291,31	11/08/17	04/10/17	11/11/17	158,69	---
Quintela Rodrí- guez M.ª José	201700055587	2310.4800011	25.000,00	25.000,00	09/06/17	21/09/17	09/09/17	0,00	—
Quintela Rodrí- guez M.ª José	201700055598	2310.2279900	2.500,00	2.001,00	09/06/17	16/10/17	09/09/17	499,00	—
Quintela Rodrí- guez M.ª José	201700066689	2310.7800000	15.000,00	14.258,64	10/07/17	17/10/17	10/10/17	741,36	—
Quintela Rodrí- guez M.ª José	201700084275	2310.4800011	200,00	200,00	01/09/17	12/09/17	01/12/17	0,00	—
Vieites Alén José Manuel	201700058535	9200.2260300	12.000,00	11.994,09	21/06/17	25/10/17	21/09/17	5,91	—
Vieites Alén José Manuel	201700084274	9200.2260300	9.000,00	8.973,56	04/09/17	25/10/17	04/12/17	26,44	—
Vivero Mijares Antonio	201700049257	1350.2269901	10.000,00	9.999,70	26/05/17	05/09/17	26/08/17	0,30	—
<b>TOTAL</b>			<b>117.205,08</b>	<b>106.817,56</b>				<b>10.387,52</b>	

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1208).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE COLECTORES E PAPELEIRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6707/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 3/11/17, dáse conta do informe-proposta do 26/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe dos Servizos Xurídicos do Área de Fomento, o concelleiro delegado de Limpeza, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **Antecedentes:**

–\_D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur España S.L., presentou o 18 de outubro do 2017 un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, con número de documento 170142338, no que solicitaba a 15ª revisión ordinaria do prezo do contrato polo servizo de “instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras dentro de termo municipal de Vigo”.



- A anterior revisión ordinaria do prezo do contrato (14ª dende o inicio) aprobouse en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16 de decembro do 2016. Esta revisión do prezo fíxose efectiva para o **período** comprendido entre o **1 de outubro de 2016 e o 31 de marzo do 2017**, data na que finalizou o contrato, determinándose en base aos **índices** publicados para o período **setembro 2015 setembro 2016**.
- En data 31 de marzo do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a **PRORROGA do contrato**. O acordo autorizou unha prórroga de como máximo un ano, no período que media entre o día 1 de abril do 2017 e o 31 de marzo do ano 2018. O prezo do contrato quedou reducido para este período na cota de amortización máis financiamento dos medios materiais empregados dado que estes estaban completamente amortizados na data do inicio da prórroga. O novo prezo anual aprobado para o período de prórroga é de 2.238.855,96 €/ano, que contempla a actualización aprobada pola Xunta de Goberno Local de 16 de decembro do 2016 cos índices publicados para o período setembro 2015 a setembro 2016 (14ª revisión ordinaria do prezo do contrato). Este prezo da prórroga se fai efectivo entre o inicio desta o día 01/04/2017 e o día 30/09/2017, no que procede unha nova revisión conforme ao recollido no contrato dado que á prórroga lle son de aplicación as mesmas condicións do contrato que se prorroga.
- A revisión solicitada actualmente, unha vez aprobada polo organo de Contratación, suporá un novo prezo anual do contrato con efectos dende o 1 de outubro do 2017 ata o 31 de marzo do 2018, data na que está prevista a finalización da prórroga do contrato.
- A unión temporal de empresas Contenur (60%) e Otto Industrial (40%), foi adxudicataria do concurso por acordo plenario de 29 de xullo do 2002, asinando o contrato o 30 de setembro dese mesmo ano e iniciando a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte.
- Posteriormente, en data 1 de xuño do 2009, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a cesión da participación da empresa Otto Industrial a favor de Contenur, polo que esta última é neste momento a adxudicatara única.
- A variación interanual do IPC entre setembro de 2016 e setembro de 2017, que corresponde co período de cálculo para a revisión solicitada, foi do 1,80% segundo á información oficial publicada polo Instituto Nacional de Estatística.

#### **Fundamentación xurídica:**

A revisión ordinaria do prezo, solicitada pola empresa concesionaria, está prevista na cláusula VI do vixente prego de prescricións administrativas particulares que regula este contrato, na que se establece expresamente que:

- *A revisión Ordinaria do prezo do contrato terá carácter anual.*
- A dita revisión Ordinaria efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC (Índice de Prezos ao Consumo no conxunto Nacional), en cada período anual contractual, a partir da data que proceda segundo o precepto citado.

#### **Cálculo da revisión do prezo do contrato:**

- O importe actual do prezo do contrato é: 2.238.855,96€/ano, IVE 10% engadido.
- O IVE soportado por esta administración é: 203.532,36€/ano.
- Importe actual do prezo do contrato sen IVE: 2.035.323,60€
- Importe do prezo do contrato actualizado (IPC= +1,8%): 2.071.959,42€

- O importe anual actualizado incluído o IVE 10%: **2.279.155,37€**
- IVE a soportar por esta administración: 207.195,94€/ano.
- Importe da actualización: 40.299,41€/ano (3.358,28€/mes)
- Importe da actualización (01/10/2017 a 31/03/2018; 6 meses): 20.149,70€
- Importe da actualización imputable ao exercizo 2017  
(01/10/2017 a 31/12/2017): 10.074,85€
- Importe da actualización imputable ao exercizo 2018  
(01/01/2018 a 31/03/2018): 10.074,85€

### **Atrasos**

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado ata o día 31 de decembro do ano 2016. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2017 e que serán regularizadas en todo caso neste exercicio económico.

En tal sentido, e dado que a actualización de prezos aquí proposta ten efectos dende o día 1 de outubro do ano 2017, **non procede a liquidación de atrasos.**

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

- 1.- Aprobar a 15ª revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo, cuxa concesionaria é a empresa CONTENUR, S.L., fixando o mesmo, a partir do 1/10/2017 ata o 31/03/2018 en **2.279.155,37€/ano**, IVE 10% engadido, o que supón un incremento do prezo do contrato de 40.299,41€/ano, respecto do prezo actual.
- 2.- Dado que o prazo da prórroga aprobada para o contrato remata o día 31 de marzo do ano 2018, o importe da actualización é de 20.149,70€, dos que 10.074,85€ corresponden aos meses de outubro a decembro do 2017, e 10.074,85€ corresponden aos meses de xaneiro a marzo do 2018.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(1209).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SETE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 30763/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 8/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- Con data 07 de agosto de 2017, o Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro delegado de deportes, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de, entre outros, 7 oficiais de instalacións, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10 de outubro de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de sete oficiais de instalacións, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 31 de outubro de 2017, emítese pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la*

*conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu

nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 615- oficial instalacións), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Director Técnico do Servizo de Deportes, que conta coa conformidade do Concelleiro delegado de deportes, de data 07 de agosto de 2017; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 10 de outubro do actual, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de

xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito do Director Técnico do Servizo de Deportes, que conta coa conformidade do Concelleiro delegado de deportes, de data 07 de agosto de 2017, que figura no expediente.

#### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de sete oficiais de instalacións para o Servizo de Deportes, supón un gasto de **81.228,33 €**, dos que **21.503,20 € corresponden ao ano 2017** e **59.725,13 €** ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **26.602,28 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

#### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. Borja Argibay Cusí, con DNI \*\*.\*\*\*.749-W, D. José Luis Vázquez Castro, con DNI \*\*.\*\*\*.740-V, D. Alejandro López Costas, DNI \*\*.\*\*\*.881-F, D. Alejandro Vigo Bao, DNI \*\*.\*\*\*.988-J, D. Ezequiel Amor Villar, DNI 156-D, D. Pablo Díaz Álvarez, DNI \*\*.\*\*\*.763-C e D. Juan Miguel Iglesias Peixoto, DNI \*\*.\*\*\*.597-R, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 24 de outubro do actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de sete funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficial de instalacións**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Deportes, contidas no escrito do 07 de agosto de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **81.228,33 €, dos que 21.503,20 € corresponden ao ano 2017 e 59.725,13 € ao vindeiro exercicio 2018**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. Borja Argibay Cusí, con DNI \*\*.\*\*\*.749-W, D. José Luis Vázquez Castro, con DNI \*\*.\*\*\*.740-V, D. Alejandro López Costas, DNI \*\*.\*\*\*.881-F, D. Alejandro Vigo Bao, DNI \*\*.\*\*\*.988-J, D. Ezequiel Amor Villar, DNI 156-D, D. Pablo Díaz Álvarez, DNI \*\*.\*\*\*.763-C e D. Juan Miguel Iglesias Peixoto, DNI \*\*.\*\*\*.597-R, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 615- oficial instalacións), sendo adscrito/a ó Servizo de Deportes, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, o Director Técnico do Servizo de Deportes, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(1210).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE DÓUS/DÚAS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 30767/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 2/11/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 27 de setembro de 2017, a Xefa do Servizo de Educación, coa conformidade da Concelleira de Educación, remite dous escritos manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de, entre outros, 2 oficiais de instalacións, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10 de outubro de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous oficiais de instalacións, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 31 de outubro de 2017, emítase pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo***

***tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”***

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300- oficial instalacións), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso

regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Educación, que conta coa conformidade da Concelleira de Educación, de data 27 de setembro de 2017; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 10 de outubro do actual, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito da Xefa do Servizo de Educación, que conta coa conformidade da Concelleira de Educación, de data 27 de setembro de 2017, que figura no expediente.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous oficiais de instalacións para o Servizo de Educación, supón un gasto de **22.619,45 €**, dos que **5.987,94 € corresponden ao ano 2017** e **16.631,51 € ao vindeiro exercicio 2018**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.407,87 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Javier Vázquez Rodríguez, con DNI \*\*.\*\*\*.412-T e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Quinteiro Domínguez, DNI \*\*.\*\*\*.920-N** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 25 de outubro do actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no

artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficial de instalacións**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito do 27 de setembro de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **22.619,45 €, dos que 5.987,94 € corresponden ao ano 2017 e 16.631,51 € ao vindeiro exercicio 2018**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Javier Vázquez Rodríguez, con DNI \*\*.\*\*\*.412-T e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Quinteiro Domínguez, DNI \*\*.\*\*\*.920-N**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300- oficial instalacións), sendo adscrito/a ó Servizo de Educación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de

Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, a Xefa de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(1211).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE UN AUXILIAR ADMINISTRATIVO, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 30801/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 9/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 27 de setembro de 2017, a Xefa do Servizo de Estadística, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dunha persoa para o reforzo do Servizo de Estadística por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 19 de outubro de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de un/unha auxiliar administrativo/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 30 de outubro de 2017, emítese pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos

servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito da Xefa de Estadística, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 19 de outubro do actual, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Xefa de Estadística en escrito de data 27 de setembro de 2017, conformado pola Xefa da Área de Réxime interior, que figura no expediente.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de un/unha auxiliar administrativo/a para o Servizo de Estadística, supón un gasto de **11.402,80 €**, dos que **3.018,61 € corresponden ao ano 2017** e **8.384,19 €** ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3620,39 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.



Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D<sup>a</sup> Elisabeth Serrano Vilariño, con DNI \*\*.\*\*\*.978-G** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

A mesma aceptou expresamente mediante escrito de data 26 de outubro do actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar administrativo/a**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estadística, contidas no escrito do 27 de setembro de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.402,80 €**, dos que **3.018,61 € corresponden ao ano 2017 e 8.384,19 € ao vindeiro exercicio 2018**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D<sup>a</sup> Elisabeth Serrano Vilariño, con DNI \*\*.\*\*\*.978-G**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ó Servizo de Estadística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013..

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefa de Estadística, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **19(1212).- RECLAMACIÓNS ÁS AXUDAS SOCIO-SANITARIAS CORRESPONDENTES A 2017 (FAS). EXPTE. 30826/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/11/17, dáse conta do informe-proposta do 25/10/17, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 07/09/2017, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de concesión de "Axudas socio-sanitarias 2017", en base a proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.

Contra ditas axudas presentáronse reclamacións os traballaores cos seguintes números de persoal: 21137, 21083, 23277, 11765, 79925, 83600, 78776, 80841, 22823, 22504, 83577, 16290, 20876, 15728, 80647, 80564, 10582, 80341, 17087, 22036, 80567, 80488, 79640, 22790, 21210, 83550, 82180, 82210 e 81964 de que non se lle outorgou o pago das axudas, que foron resoltas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, con data 20 de outubro de 2017, remitíndo a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo ao respecto.

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2017.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“**Primeiro.-** Aprobar as reclamacións presentadas á concesión de axudas sociosanitarias-2017 (FAS), propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 20/10/2017 por un importe total de **5.159,00 €** (cinco mil cento cincuenta e nove euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indican co importe que se especifica:

TRAMO	Nº PERSOAL	DNI	EUROS
3	21137	36042034	438
3	21083	36063869	130
1	23277	36085308	88
3	11765	36035612	363
4	79925	34971096	230
3	83600	36116514	80
4	78776	36086824	184
1	80481	36104011	425
1	22823	36019144	609
3	22504	36061580	130
3	83577	53184995	170
1	16290	36043027	97
4	20876	36056565	80
4	15728	36043641	80
2	80647	35454450	412
1	80564	36095223	441
3	10582	36021649	300
4	80341	36126223	81
4	17087	36044001	46
3	22036	52500386	59
1	80567	36089934	140
4	80488	36069110	106
1	79640	36104951	90
2	22790	36045293	50
4	21210	36016448	230
1	83550	36110311	100
			5.159

**Segundo.-** Denegar as reclamación presentadas polos traballadores con nº de persoal 82180 e 82210, ratificandose a Comisión no acordo tomado en xuntanza de 20/07/2017 e 81964, dado que a vista dos datos que figuran en poder da Comisión, así como da documentación aportada, non procede a reclamación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(1213).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017”. EXPTE. 1461/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 8/11/17, e o informe de fiscalización do 9/11/17, dáse conta do informe-proposta do 3/11/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos, que di o seguinte:

#### **INFORME-PROPOSTA.-**

Con data do Rexistro Xeral 27 de outubro pasado, a Agrupación Fotográfica Galega presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017*; por este motivo, con data 31 de outubro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 5.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

#### **ANTECEDENTES.-**

A AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrompidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.

#### **PROGRAMA E ORZAMENTO:**

O Maratón Fotográfico realizarase os días 25 e 26 de novembro.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 8.280 € (oito mil douscentos oitenta euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 € (60,39 %)
- Cotas participación: 1.000 € (12,08 %)
- Clínica Dental Dra. Susana Santeiro: 1.500 € (18,11 %)
- Gadis: 600 € (7,25 %)
- Recurso propios da entidade: 180 € (2,17 %)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do presidente
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017, proposto polo Concello de Vigo.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA, para a organización do programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- ao interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo.
- ao tratarse dunha entidade singular na cidade e incluso en Galicia, fundada hai setenta anos e adicada a un sector amplo da cidadanía, non só a profesionais da fotografía, senon tamén a todas as persoas afeccionadas á fotografía e ao mundo da cultura en xeral.
- á singularidade da actividade proposta (Maratón Fotográfico), con vinteseis anos ininterrompidos de existencia, cunha alta participación da cidadanía e sen que existan eventos similares na cidade.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á AGRUPACIÓN FOTOGRAFICA GALEGA ten como obxecto financiar a organización do programa MARATÓN FOTOGRAFICO 2017 con cargo á partida 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", a concesión dunha subvención por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á AGRUPACIÓN FOTOGRAFICA GALEGA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

CCoa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) á AGRUPACIÓN FOTOGRAFICA GALEGA, CIF. G36733616, para o financiamento do programa MARATÓN FOTOGRAFICO 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria*

3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E Á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA , RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017".

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Jesús Nieto Fernández, na súa condición de presidente da AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA (CIF: G36733616) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Uruguai, 17, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrumpidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA**, concretamente no programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.*

*III.- Que a **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao*



*corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

**IV.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 8.280 € (oito mil douscentos oitenta euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 € (60,39 %)
- Cotas participación: 1.000 € (12,08 %)
- Clínica Dental Dra. Susana Santeiro: 1.500 € (18,11 %)
- Gadis: 600 € (7,25 %)
- Recursos propios da entidade: 180 € (2,17 %)

#### **TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA**

O Maratón Fotográfico 2017 realizarase os días 25 e 26 de novembro.

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

-Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Jesús Nieto Fernández, presidente da entidade.

-Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

## **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

## **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega

pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 4 de decembro de 2017.
  - Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
  - Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    - Memoria de prensa.
    - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do

proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

#### ANEXO Iº ORZAMENTO DO PROGRAMA MARATÓN FOTOGRÁFICO 2017

##### 1.- GASTOS:

Promoción gráfica	1.425 €
Promoción on-line	750 €
Impresión e produción	2.705 €
Difusión	1.450 €
Premios	1.800 €
Gastos varios	150 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>8.280 €</b>

##### 2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	5.000 €
Cotas participación	1.000 €
Clínica Dental Dra. Susana Santeiro	1.500 €
Gadis	600 €
Recurso propios da entidade	180 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>8.280 €</b>

**21(1214).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL SINSAL 15. EXPTE. 1472/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 8/11/17, e o informe de fiscalización do 13/11/17, dáse conta do informe-proposta do 7/11/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos, que di o seguinte:

Con data 30 de outubro pasado, a empresa SINSAL AUDIO S.L. presenta solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 3 de novembro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do *Festival Sinsal 15*, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

**SINSAL AUDIO S.L.** ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

PROGRAMA:

**Agoraphobia**

Mércores 29 de novembro, 16:00 a 18:30 h

Facultade de Telecomunicacións da Universidade de Vigo

**Chicharrón**

Mércores 13 de decembro, 16:00 a 18:30 h

Facultade de Telecomunicacións da Universidade de Vigo

**Hijos de la Montaña**

Martes 28 de novembro, 20:30 h

MARCO

**Thor Harris&Friends**



Venres 15 de decembro, 20:30 h  
MARCO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 11.939,50 € (once mil novecentos trinta e nove euros con cincoenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (58,63 %)
- Sinsal Audio: 3.259,50 € (27,30 %)
- Venda de entradas: 1.680 € (14,07 %)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do administrador
- CIF da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Escrito remitido por SINSAL AUDIO S.L. de aceptación do texto do convenio de colaboración proposto, relativo á organización e realización do *Festival Sinsal 15*.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á SINSAL AUDIO S.L., para a organización e realización do *Festival SINSAL 15*, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a SINSAL AUDIO S.L. deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza

ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativa

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO S.L. ten como obxecto financiar a organización do *Festival Sinsal 15* e figura na partida 3340.470.00.02 "CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIVAL SINSAL", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO S.L. é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Ainda que a data límite de xustificación e rendición de subvencións estipulada no escrito da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, para as operacións de peche do exercicio orzamentario 2017, é o 14 de decembro, e dado que o derradeiro concerto financiado coa subvención nominativa en trámite é o venres 15 de decembro, na cláusula oitava do convenio márcase o luns 18 de decembro de forma excepcional como límite para a presentación da documentación xustificativa.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000€ (sete mil euros) a SINSAL AUDIO S.L., CIF. B36898369, para o financiamento do Festival Sinsal 15, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 "CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIVAL SINSAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSAL AUDIO S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Sinsal 15.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 15.**

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Luis Campos Alonso, en calidade de Administrador da sociedade Sinsalaudio, SL, con CIF B36898369, actuando en nome e representación da devandita empresa, segundo as facultades que lle outorga a escritura de constitución da sociedade, e con enderezo na rúa Estrada, nº 6, 1ºD, CP 36209, da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que **SINSALAUDIO S.L.** ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.*

*II.- Que **SINSALAUDIO S.L.**, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais , así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.*

*III.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local,*

*desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación de **SINSAL AUDIO S.L.**, como medio que é de promover a música na cidade.*

**IV.-** *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.470.00.02, como subvención nominativa, a favor de **SINSAL AUDIO S.L.**, a cantidade de 7.000 euros.*

**V.-** *Que **SINSALAUDIO S.L.** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

**VI.-** *De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila EMPRESA para desenvolver o programa *Festival Sinsal 15*, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola EMPRESA, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.939,50 € (once mil novecentos trinta e nove euros con cincuenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (58,63 %)
- SinsalAudio: 3.259,50 € (27,30 %)
- Venda de entradas: 1.680 € (14,07 %)

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

#### **Agoraphobia**

Mércores 29 de novembro, 16:00 a 18:30 h

Facultade de Telecomunicacións da Universidade de Vigo

### **Chicharrón**

Mércores 13 de decembro, 16:00 a 18:30 h

Facultade de Telecomunicacións da Universidade de Vigo

### **Hijos de la Montaña**

Martes 28 de novembro, 20:30 h

MARCO

### **Thor Harris&Friends**

Venres 15 de decembro, 20:30 h

MARCO

## **CUARTA.- OBRIGAS DE EMPRESA . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Luís Campos Alonso, administrador da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 18 de decembro de 2017
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

- Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - Memoria de prensa.
  - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
  - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
  - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



A entidade beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, máis ive, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da EMPRESA. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA

queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

#### **ANEXO I**

#### **ORZAMENTO DO PROGRAMA “FESTIVAL SINSAL 15”**

##### **GASTOS**

<i>CONCEPTO</i>	<i>CANTIDADE</i>
Cachés	3.630,00 €
Hoteis	330,00 €
Dietas	330,00 €
Gastos administración	847,00 €
Transportes	121,00 €
Producción técnica	1.902,00 €
Comunicación, vídeos, fotos	1.936,00 €
Promoción e deseño	1.996,50 €
Producción artística	847,00 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>11.939,50 €</b>

##### **INGRESOS**

<i>CONCEPTO</i>	<i>CANTIDADE</i>
CONCELLO DE VIGO	7.000,00 €
SINSALAUDIO S.L.	3.259,50 €
VENDA DE ENTRADAS	1.680,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>11.939,50 €</b>

**22(1215).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS 2017”. EXPTE. 1475/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 9/11/17, e o informe de fiscalización do 13/11/17, dáse conta do informe-proposta do 13/11/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos, que di o seguinte:

Con data 3 de novembro pasado, a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 7 de novembro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa “*Vigo, un mar de corais*” durante o exercicio 2017, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 173.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 do orzamento municipal vixente.

**ANTECEDENTES.-**

A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

A citada entidade aglutina un total de 39 masas corais polifónicas que pertencen a distintas entidades veciñais e/ou culturais da cidade de Vigo, e que leva desenvolvendo conxuntamente co Concello de Vigo, dende o ano 2003, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade, a través do programa “*Vigo, un mar de corais*”

**PROGRAMA:**

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- O número total de actuacións será de 224 (duascentas vintecatro).
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

**ORZAMENTO.-**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 173.000 (cento setenta e tres mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

**DOCUMENTACIÓN.-**

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Escrito remitido pola Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2017, proposto polo Concello de Vigo.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), para a organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2017, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) ten como obxecto financiar a organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2017 e figura na partida 3340.480.00.08 “CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 173.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 173.000 € (cento setenta e tres mil euros) á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), CIF. G-36980928, para o financiamento da organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 “CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da organización e realización ds programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2017.”*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), RELATIVO Á ACHEGA

DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” DURANTE O EXERCICIO 2017

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) (CIF: G-36980928) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 1110-10, con enderezo social na rúa Ecuador, 17, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**MANIFESTAN**

*I.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicos; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, en concreto no programa “Vigo, un mar de corais”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, a cantidade de 173.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente,*

*polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver os programas “Vigo, un mar de corais”, que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no presente expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 173.000 € (cento setenta e tres mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

### **TERCEIRA.- DATAS, LUGARES E CARACTERÍSTICAS DOS PROGRAMAS**

#### PROGRAMA “Vigo, un mar de corais”

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- O número total de actuacións será de 224 (duascentas vintecatro)
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

### **CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da ASOCIACIÓN.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).



- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Editar o material gráfico (carteis, folletos, rolers...) para a difusión do programa de actuacións obxecto deste convenio, dos que facilitará ao CONCELO o número de exemplares que se decida de mutuo acordo.
- Instalar os rolers publicitarios editados nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ASOCIACIÓN entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (173.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e,

especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A maiores, o mecanismo de seguimento tamén se realizará en base ás “certificacións de actuación”, asinadas pola entidade correspondente, cuxo modelo se incorpora como anexo II do presente convenio. Estas certificacións deberán aportarse en cada un dos pagamentos solicitados, que se estipulan na cláusula oitava do presente convenio.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras ASOCIACIÓNs que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa para cada un dos pagamentos estipulados:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 12 de decembro de 2017.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - Memoria de prensa.
  - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola ASOCIACIÓN beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
- Os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da Seguridade Social.

Cando a ASOCIACIÓN beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da ASOCIACIÓN, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da ASOCIACIÓN a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

**ANEXO I**  
**ORZAMENTO DO PROGRAMA**  
**“VIGO, UN MAR DE CORAIS 2017”**

**1.- GASTOS:**

224 actuacións de corais de música	112.000 €
Aluguer do Auditorio “Mar de Vigo”	36.300 €
Desprazamentos	13.863,64 €
Material de difusión	5.090,40 €
Publicidade en medios	4.911,96 €
Agasallos	834 €

**TOTAL GASTOS** **173.000 €**

**2.- INGRESOS:**

Subvención Concello de Vigo	173.000 €
-----------------------------	-----------

**TOTAL INGRESOS** **173.000 €**

## ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
MASAS CORAIS  
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE CORAIS 2017”**

D/Dña.....  
en representación da entidade .....  
CIF ....., con domicilio social en .....  
.....  
de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
correo electrónico .....

### EXPÓN:

1. Que a coral..... realizou o concerto programado por ACOPOVI, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... de 2017, en.....
2. Que a coral presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....

.....

VIGO, ..... de ..... de 2017

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:



**23(1216).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO A ÁREA DE CULTURA NO MES DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 1488/330.**

Dáse conta da proposta de data 13/11/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de OUTUBRO de 2017.

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
1407/330	CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REVESTIMENTO DA FACHADA POSTERIOR DO CENTRO DE ARTES FOTOGRÁFICAS DE VIGO-CA-FVI	CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L. (B36769883)	4.302,89 €
1430/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE STREAMING PARA AS XXIV XORNADAS DE FILOSOFÍA	ARTEFOCAL, SL (B36965523)	5.880,60 €
1431/330	CONTRATACIÓN DAS VIAXES DOS POÑENTES PARTICIPANTES NAS XXIV XORNADAS DE FILOSOFÍA	VIAXES GALICIA, AIRBUS S.A. (A36114726)	4.766,17 €
1432/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COORDINACIÓN E PRODUCCIÓN TÉCNICA DAS XXIV XORNADAS DE FILOSOFÍA	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L. (B36743755)	11.526,46 €
1443/330	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA EQUIPAMENTOS CULTURALS	XENÉRICO	2.000,00 €
15708/331	CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "VUELOS" DA COMPAÑÍA ARACALADANZA, O DOMINGO 3 DE DECEMBRO, ÁS 12 E 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	ARACALADANZA S.L. (B84908979)	13.280,00 €

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**24(1217).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 2024/341.**

Dáse conta da proposta de data 9/11/17, asinada polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e Museos Quiñones de León (337) no mes de OUTUBRO, e que son os que deseguido se relacionan:

OUTUBRO 2017

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1994/341. Xenérico de mantementos correctivos dos sistemas de seguridade en dependencias da Rede de Museos. RCM 98679.	19/10/17	1.500,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1989/341. Reserva xenérica de crédito para servizos de mensaxería e distribución do SMM outubro-décembro 2017. RCM 96503.	06/10/17	1.200,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte 6171/337. Reserva xenérica de crédito para servizos de mantemento, reparación e conservación. RCM 101436.	30/10/17	3.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6145/337. Contrato menor de servizos para restauración dos cadros "Rapaza con cabazo" de Mariano de Miguel (nº inv 359) e "Sen título" de Verísimo (nº inv 4169) do Museo Municipal "Quiñones de León". TOMOS CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN, S.L. RCM 96832.	09/10/17	1.784,75 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6137/337. Contratación dun servizo de embalaxe e transporte asegurado das obras que conforman a exposición "Circa 70...". ARTECOM SERVICIOS INTEGRADOS DE ARTE S.L. RCM 95269.	02/10/17	4.451,31 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6147/337. Contratación dun servizo de transporte asegurado da exposición "Esencias dunha colección". ARTECOM SERVICIOS INTEGRADOS DE ARTE, S.L. RCM 95270.	02/10/17	4.579,41 €

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **25(1218).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DO DESVÍO DA PASARELA E DO DESVÍO DE COLECTORES NA NOVA ESTACIÓN DE VIGO-URZÁIZ. EXPTE. 5197/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data 8/11/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe de Urbanización e Infraestruturas, e conformado polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data do 28.11.2014 a Dirección xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento achegaba, a través do Rexistro xeral da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo (en diante XMU) un escrito e documentación a el xuntada (doc. núm. 140144790), no que comunican a esta administración a finalización das obras do proxecto construtivo **“Eixo Atlántico de Alta velocidade, Acceso Norte a Vigo. Nova Estación de Vigo – Urzaiz. Infraestrutura Ferroviaria”**, facendo constar que no dito proxecto, e no que aquí nos interesa, se incluían a reposición dos colectores que cruzan a nova estación ferroviaria de Vigo- Urzaiz.

Tras realizar a correspondente visita de inspección aos colectores construídos, por representantes do Ministerio de Fomento, da UTE adxudicataria das obra, da empresa concesionaria da explotación das infraestruturas municipais de saneamento e da Xerencia municipal de urbanismo, en data 05.03.2015 o Xefe de urbanización e infraestruturas da XMU subscribe informe, no que entre outras consideracións e no que aquí nos ocupa conclúe que, no caso da restitución da pasarela peonil, debe proveerse dun documento que precise a natureza xurídica-administrativa do uso, explotación e mantemento de esta infraestrutura, en relación cos terreos polos que discorre que son de titularidade municipal, a excepción do paso baixo a AP-9.

O 27.01.2015 a Dirección xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento achegaba a través doRexistro xeral da XMU baixo o doc. núm. 150010516, un escrito polo que se fai entrega para o uso, explotación e mantemento da pasarela peonil que cruza a nova estación ferroviaria Vigo- Urzaiz, ao que xunta documentación consistente en: Anexo 1- Reposición de servidumes do Modificado núm. 2 do proxecto construtivo e Anexo 2- Planos de execución correspondentes á reposición do paso peonil.

Revisada a documentación amentada no parágrafo anterior, con data do 02.02.2015 o Xefe de urbanización e infraestruturas emite informe, a cuxo íntegro contido nos remitimos, do que se extracta o que segue,

*“(...) Al objeto de incluir en el Inventario Municipal este trazado peatonal que une las calles Navarra y Canadelo Baixo, atravesando los terrenos que constituyen la cubrición de las vías ferreas del “ EJE ATLANTICO DE ALTA VELOCIDAD. ACCESO NORTE A VIGO. NUEVA ESTACIÓN DE VIGO-URZAIZ. INFRAESTRUCTURA FERROVIARIA “, se hacen necesarias, a juicio del Técnico que informa, resolver dos cuestiones.*

*De un lado debe proveerse de un documento que precise la naturaleza juridico-administrativa del uso, explotación y mantenimiento de dicha infraestructura, toda vez que los terrenos por los que discurre no son de titularidad municipal.*

*Y, en otro orden de cosas, dotar a dicha infraestructura de una instalación de alumbrado público, dado que la anterior pasarela atravesaba terrenos adecuadamente iluminados ( playa de vías ferreas de la antigua estación ), que durante la existencia del trazado provisional este si se encontraba dotado de iluminación nocturna, y que su actual nuevo trazado discurre alejado de zonas con un diseño urbano habitual, lo que hace absolutamente*

*recomendable por la propia seguridad de los usuarios, y de las instalaciones adyacentes, que este sendero que ahora se ofrece al Concello, disponga de tal instalación de alumbrado.(..)*”.

Con posterioridade, a Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 17.06.2016 acordou, entre outros pronunciamentos, (...)Primeiro.- *Aceptar a cesión gratuíta de uso a realizar pola entidade pública empresarial Administrador de infraestruturas ferroviarias- Alta Velocidade (ADIF) do Ministerio de Fomento, nos termos e condicións que figuran no último texto do documento de formalización achegado nomeado “ De concesión administrativa, sen canón de utilización, para a ocupación da superficie sobre o falso túnel ferroviario e o túnel de acceso rodado no eixe Atlántico de alta velocidade acceso Norte a Vigo, nova estación de Vigo-Urzaiz, infraestructura ferroviaria entre os PP.KK 0+571,8 ao 0+428 no termo municipal de Vigo (Pontevedra)” e plano achegado, que constitúen os anexos a este acordo e aos que se lles presta expresa aprobación.*

*Segundo.- O Concello de Vigo acepta e toma posesión do uso da superficie referida (aproximada de 3.570 m<sup>2</sup>) para o fin sinalado no documento de formalización que se xunta á presente, a partir da data da súa sinatura, que se fará constar no inventario de bens municipais, así como reflectirse no Catastro e no Rexistro da Propiedade nos termos e condicións que figuran no anexo a este acordo*

*Terceiro.- A presente concesión producirá efectos nos termos e condicións fixados no documento de formalización que se xunta á presente, e que deberá ser asinado polo representante de ADIF-AV e polo Excmo. Alcalde do Concello de Vigo e que serán os que rexan o réxime xurídico da concesión referida, facultando ao Sr. Alcalde do Concello de Vigo para a sinatura do documento de formalización así como para realizar cantos actos sexan necesarios para o bo termo e execución de dita concesión.*

Así as cousas, con data do 30.10.2017 tiña entrada no Rexistro xeral desta XMU, un informe suscrito pola representación de “ADIF- Alta Velocidade” (doc. 170149033), co obxectivo de dar cumprimento ás consideracións efectuadas no informe do xefe de urbanización e infraestruturas do 02.02.2015.

Neste senso, visto o oficio da Dirección xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento de data 27.01.2015 polo que se fai entrega para o uso, explotación e mantemento da pasarela peonil que cruza a nova estación ferroviaria Vigo- Urzaiz e a documentación achegada o 30.10.2017 segundo o indicado no parágrafo anterior, na que se emendan as consideracións específicas e xerais previas a recepción das citadas instalacións segundo o indicado nos informes técnicos municipais, con data do 03.11.2017 o xefe de urbanización e infraestruturas emite informe favorable á recepción das obras do desvío da pasarela peonil e do desvío de colectores «Na nova estación de Vigo- Urzaiz» co seguinte teor literal,

*“(.) Antecedentes.-*

*Con fecha 28/11/14 la Dirección General de Ferrocarriles del Ministerio de Fomento comunica mediante escrito al Concello de Vigo la terminación de las obras del “EJE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDAD, ACCESO NORTE A VIGO, NUEVA ESTACIÓN VIGO –URZAIZ. INFRAESTRUCTURA FERROVIARIA”, en el que se incluye la reposición de colectores que conectan las redes de alcantarillado de las calles Vía Norte y Numancia con las de las calles Serafín Avendaño y García Barbón, cruzando sobre la nueva estación ferroviaria Vigo-Urzaiz.*

*El 15/12/14 se realiza una visita conjunta a los colectores construidos, concurriendo personal del Ministerio de Fomento, de la UTE adjudicataria de las obras, de la empresa concesionaria de la explotación de las infraestructuras municipales de saneamiento AQUALIA, y de la Gerencia Municipal de Urbanismo.*

Posteriormente a esa visita, la Gerencia Municipal de Urbanismo remite un informe con fecha 05/03/15 a la Administración Central, en el que se realizan consideraciones específicas y generales previas a la recepción de las citadas instalaciones ( Se adjunta copia ).

En el mismo ámbito donde se sitúa la instalación anterior, se ejecutó una senda peatonal sustitutiva de la pasarela que existía sobre la playa de vías del ferrocarril en la antigua estación.

Con fecha 27/01/15 ( Nº Doc. 150010516 ) el Ministerio de Fomento, a través de la Dirección General de Ferrocarriles, y en su nombre el Ingeniero Director de las Obras, remite escrito a este Concello para hacerle entrega para su uso, explotación y mantenimiento, de la pasarela peatonal que cruza la nueva estación VIGO-URZAIZ.

La Gerencia Municipal de Urbanismo remitió un informe en fecha 02/02/15 a la Administración Central, realizando determinadas consideraciones para hacer efectiva dicha entrega ( Se adjunta copia ).

### **Situación Actual.-**

Durante los años 2016 y 2017, ADIF se ha hecho cargo de resolver las cuestiones relativas a las cesiones antes planteadas.

Por una parte, con fecha 20 de Junio de 2016, se suscribe un documento sobre la **Concesión Administrativa para la ocupación de la superficie sobre el falso túnel ferroviario y el túnel de acceso rodado en el Eje Atlántico de Alta Velocidad Acceso Norte a Vigo Nueva Estación de Vigo – Urzaiz**, entre ADIF y el Concello de Vigo ( Se aporta copia de dicho documento y del acuerdo de la XGL de fecha 17/06/16 ).

Las obras de alumbrado público solicitadas, fueron ejecutadas de común acuerdo con el Concello de Vigo encontrándose en la actualidad en servicio adecuadamente

Dado el tiempo transcurrido desde el ofrecimiento de la entrega de la obra relativa a la senda peatonal, se solicitó a ADIF determinadas reparaciones inherentes a la ausencia de mantenimiento de esa zona, las cuales han sido atendidas.

Al respecto del desvío del colector, ADIF ha remitido con fecha 30/10/17 ( Nº Doc. 170149033 ) un informe en contestación al remitido por la Gerencia Municipal de Urbanismo en el año 2015, que el Técnico que suscribe considera adecuado en atención a los argumentos aportados y soluciones implementadas ( Se adjunta CD que contiene la videoinspección solicitada )

### **Conclusión.-**

Con los antecedentes aquí expuestos, y actuando en calidad de representante de esta Administración Pública, estando facultado en virtud del acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno Local el día 06.04.2017 en materia de recepción de obras de urbanización, suscribo junto al representante de ADIF y con fecha 30.10.17, el Acta de Entrega de las obras de la senda peatonal y desvío de colector en los terrenos de la nueva estación Vigo – Urzaiz.

Sobre el mantenimiento y conservación de dichas instalaciones se dará traslado a los correspondientes servicios y concesionarias municipales (...)."

Finalmente, o 30.10.2017 subscribiuse conxuntamente polo representante de ADIF e polo representante municipal, a acta de entrega das obras da senda peonil e desvío dos colectores que conectan as redes de sumidoiro nas rúas Vía Norte e Numancia, coas rúas Serafín Avendaño e García Barbón, en terreos da nova Estación Vigo-Urzaiz.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada.

- RDLex. 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e regulamentos de aplicación. LSG
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- R.D.Lex. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas.
- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP.
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015)
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010).
- O resto de disposicións que poidan afectar.

### II. Recepción das obras

Á recepción das obras, resúltanlle de aplicación, con carácter xeral o disposto no artigo 96 da LSG e 223 do seu Regulamento de desenvolvemento.

En similares termos, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes. A terminación presumírase á recepción das obras pola Administración ou, no seu defecto, ao termo do prazo no que debera terse producido a recepción dende a solicitude acompañada de certificación expedida pola dirección técnica das obras.

Asemade, de conformidade co pautado no artigo 231.2 do Decreto 143/2016, as recepcións expresas deberán formalizarse nunha acta de cesión das obras de urbanización, do xeito e co resultado que se describe no relato de feitos da presente.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recepción das obras de urbanización é marcadamente técnica, pois a verificación da conformidade das obras de urbanización co proxecto aprobado corresponde á OSPIO e ao Servizo de Urbanización e Infraestruturas e, no senso exposto, o Xefe de Urbanización e Infraestruturas expón a súa conformidade á recepción mediante informe de data 03.11.2017 e acta de recepción do 30.10.2017. Considerando que para a recepción das obras urbanizadoras deberá acreditarse que estas se atopan rematadas e en bo estado e que son conformes co proxecto aprobado, atopámonos ante

comprobacións exclusivamente técnicas, sen que por razón da materia e visto o carácter técnico destas comprobacións, proceda formular proposta xurídica ningunha, correspondendo realizar a proposta, aos técnicos do servizo de Urbanización e Infraestruturas.

III. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU.

Por canto antecede, proponse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Prestar conformidade á acta de entrega asinada o 30.10.2017 e recibir as obras do desvío da pasarela peonil e do desvío de colectores que conectan as redes de sumidoiro das rúas Vía Norte e Numancia coas rúas Serafín Avendaño e García Barbón «Na nova estación de Vigo-Urzaiz» de conformidade co disposto no relato de feitos e fundamentación xurídica da presente proposta, e de acordo co informe emitido o 03.11.2017 polo Xefe de Urbanización e Infraestruturas. A recepción enténdese sen prexuízo das accións que asistan á Administración ou aos propietarios por danos derivados de vicios ocultos.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados no procedemento, significándolle que contra á mesma cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo á oficina de Urbanización e Infraestruturas da XMU, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Servizos Enerxéticos, Servizo de Limpeza, Mobilidade e Seguridade, Transportes, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e asistencia municipal, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, esta proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, con data 9/11/17, acordou: “O Consello, por unanimidade, eleva á Xunta de Goberno Local o presente informe para a súa resolución.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(1219).- PROXECTO DE PLAN NORMATIVO ANUAL 2018. EXPTE. 1464/110.** Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 9/11/17, asinado polo secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes e proposta de acordo.

Ao obxecto de acadar unha maior predecibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto a Xunta de Goberno Local aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa”.

As Directrices advertían que con anterioridade o 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 05.09.2017 e publicadas na intranet o 6.09.2017; foron reiteradas ás Áreas e Servizos en data 11.10.2017.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

### **I. Área de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica.**

Nova Ordenanza

Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese ofrecer un marco de maior seguridade xurídica nas relacións electrónicas de cidadáns/ás e empresas co Concello de Vigo e os organismos vinculados, concretando determinadas previsións das leis, así como unha mellora na eficiencia e eficacia no funcionamento electrónico nos servizos públicos municipais, mediante a simplificación e redución de cargas administrativas e custes de xestión.

Necesidade de avaliación: si

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: febreiro 2018.

### **II. Área de Urbanismo.**

Adaptación de Ordenanza existente.

Ordenanza Municipal reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Solares e Edificios a rehabilitar.

Obxectivo da norma: adecuación da Ordenanza existente (BOP 10.12.2008) á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e ao decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Necesidade de avaliación: non.



Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: non se indica.

Conforme as propostas formuladas proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2018 no que se inclúen as seguintes normas:

Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

Ordenanza Municipal reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Solares e Edificios a rehabilitar.

SEGUNDO. Elevar ao Pleno o acordo adoptado.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(1220).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez